

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xogos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O xogo do avión

Antigamente nos velorios facíanse xogos como este.

Entre tres rapazas postas de pé collían un mozo, dúas por diante e unha por detrás e suspendíano no aire para que fixese o corpo do avión. As de diante collíano polos brazos e a de detrás, que facía de cola, apoiaba as pernas do mozo nos ombros e atábanlle un cordel polos nocellos. Cando o avión estaba listo para o despegue viña unha cuarta moza e afrouxáballe o cinto, baixáballe o pantalón e facíalle cóxegas.

O mozo tiña que menear as pernas o que provocaba que a moza que facía de cola acabase meténdolle os fociños no cu. Ese era o chiste deste xogo.

BIBLIOGRAFÍA

GONDAR PORTASANY, M. (1983): «Xogando coa morte: unha ollada antropolóxica aos xogos e falcatruadas de velatorio na Galicia tradicional», en Grila, nº 79, páx. 53-64.